

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014520	Pedra da Auga	Ponteareas	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0234	Electrotecnia	2023/2024	8	213	253
MP0234_14	Corrente continua	2023/2024	8	44	52
MP0234_24	Electromagnetismo e corrente alterna	2023/2024	8	63	75
MP0234_34	Máquinas eléctricas	2023/2024	8	63	75
MP0234_44	Seguridade e proteccións nas instalacións electrotécnicas	2023/2024	8	43	51

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	RAFAEL ALONSO FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional é de soporte, polo que dá resposta á necesidade de achegar una adecuada base teórica e práctica para a comprensión das funcións e as características de equipamentos e elementos eléctricos utilizados nas instalacións tanto de interior como industriais, de máquinas eléctricas, enerxías alternativas (como a solar fotovoltaica), instalacións domóticas, etc.

A formación é de carácter xeral, polo que o módulo pode ser común a varios títulos da familia profesional, e mesmo pode servir para títulos doutras familias profesionais que necesiten unha formación electrotécnica de base.

A presente programación didáctica está realizada para o desenvolvemento das ensinanzas do módulo de Electrotecnia, Código MP0234, conducente á obtención de título de ciclo medio de técnico en instalacións electrotécnicas e automáticas, que se identifica polos seguintes elementos:

- Denominación: instalación electrotécnicas e automáticas.
- Nivel: formación profesional de grao medio.
- Duración: 2.000 horas.
- Familia profesional: electricidade e electrónica.

A competencia xeral deste título consiste en montar e manter instalacións eléctricas de interior, instalacións industriais, instalacións domóticas, e mantemento e instalación de máquinas eléctricas, de acordo coa normativa, a regulamentación e os protocolos de calidade, seguridade e riscos laborais, de xeito que se asegure a súa funcionalidade e o respecto ambiental.

O perfil profesional deste título, dentro do sector terciario, evoluciona cara a un persoal técnico con grande especialización na instalación e no mantemento de instalacións eléctricas de interior, instalacións industriais, instalacións domóticas, e mantemento e instalación de máquinas eléctricas, e cun incremento no desempeño de funcións de planificación, calidade e prevención de riscos laborais.

A evolución tecnolóxica está a consolidarse sobre estes campos da electricidade, polo que resulta de vital importancia a preparación de técnicos nestes campos da tecnoloxía eléctrica.

As estruturas organizativas tenden a configurarse sobre a base de decisións descentralizadas e equipos participativos de xestión, potenciando a autonomía e a capacidade de decisión.

As características do mercado de traballo, a mobilidade laboral e a apertura económica obrigan a formar profesionais polivalentes, capaces de adaptarse ás novas situacións socioeconómicas, laborais e organizativas do sector.

A adaptación ás directivas europeas e estatais sobre a xestión de residuos implicará a posta en marcha de procedementos que permitan o aproveitamento dos recursos en condicións de seguridade, calidade e respecto ambiental.

O profesional titulado en instalacións de electricidade exercerá a súa actividade en microempresas e en empresas pequenas e medianas, maioritariamente privadas, por conta propia ou allea, nas áreas de montaxe e mantemento de instalacións eléctricas de interior, instalacións industriais, instalacións domóticas, e mantemento e instalación de máquinas eléctricas ademais de instalación de infraestruturas de redes de voz e datos, sonorización e megafonía, instalacións de radiocomunicacións, sistemas domóticos e equipamentos informáticos.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Instalador/ora de instalación en edificios de vivendas.
- Instalador/ora industriais.
- Instalador/ora mantedor de salas de máquinas.
- Técnico/a en bobinados de máquinas eléctricas.
- Técnico/a en instalación e mantemento cuadros eléctricos.
- Instalador/ora de telefonía.
- Técnico/a en instalacións de son.



- Instalador/ora de megafonía.
- Instalador/ora mantedor/ora de sistemas domóticos.
- Técnico/a instalador/ora enerxias renovables entre elas de enerxía solar fotovoltaica.

O descrito correspondese con boa parte das características do ámbito produtivo do sector das instalacións de electricidade en xeral da zona sur da nosa provincia , ámbito xeográfico de influencia do noso centro formativo, polo que determinamos unha boa adecuación do currículo coas devanditas características do ámbito produtivo.

En este módulo, os alumnos deberán alcanzar entre outros os seguintes obxectivos:

1. Realizar cálculos e medidas en circuitos eléctricos de corrente continua aplicando principios e conceptos básicos de electricidade.
2. Recoñecer os principios do electromagnetismo, describir as interaccións entre campos magnéticos e condutores eléctricos, e relacionar a Lei de Faraday co principio de funcionamento das máquinas eléctricas.
3. Realizar cálculos e medidas en circuitos eléctricos de CA monofásica aplicando as técnicas máis axeitadas.
4. Realizar cálculos das magnitudes eléctricas básicas e medidas nun sistema trifásico e recoñece o tipo de sistema, así como a natureza e o tipo de conexión dos receptores.
5. Recoñecer as características dos transformadores mediante a realización de ensaios e cálculos, e describe a súa constitución e o seu funcionamento.
6. Recoñecer as características das máquinas de corrente continua, mediante a realización de probas, e describe a súa constitución e o seu funcionamento.
7. Recoñecer as características das máquinas rotativas de corrente alterna, mediante a realización de cálculos, e describe a súa constitución e o seu funcionamento.
8. Recoñecer os efectos da electricidade nas persoas e nas instalacións, e identifica e calcula os dispositivos de protección que se deben empregar

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A CORRENTE ELÉCTRICA E AS SÚAS MAGNITUDES	Introdución á electrotecnia: A electricidade; fenómenos eléctricos; Xeración distribución e consumo da electricidade; Sistemas eléctricos; Principios eléctricos: A estrutura e a materia; Cargas eléctricas; Campo eléctrico; Lei de Coulomb; Condutores eléctricos, illantes e semicondutores; Tipos e formas de manifestarse e producir electricidade. Diferenza de potencial. Magnitudes e unidades eléctricas: Tensión ou voltaxe; F.e.m ; Intensidade eléctrica; Resistencia eléctrica; Lei de Ohm; Traballo e potencia eléctrica, e potencia perdida nos condutores; Lei de Joule Componentes dun circuito eléctrico Elementos e concepto de circuito eléctrico; Xeradores e receptores ou cargas eléctricas; Condutores eléctricos; Elementos de manobra, seguridade e protección. Representación e interpretación dun esquema eléctrico. Simbología. Medidas eléctricas: Métodos de medición e medida de resistencias; Métodos de medición e medida de tensión; Métodos de medida e medición de potencia	16	6
2	COMPONENTES ELÉCTRICOS BÁSICOS E A SÚA ASOCIACIÓN	Concepto de Resistencia - Resistor: Características dos resistores e coeficiente de resistividade, variación da resistencia coa temperatura, coeficiente de temperatura; Tipos e clasificación dos resistores, código de cores; Asociación de resistencias; Conexión estrela-triángulo. O condensador, características e asociación.: Funcionamento dun condensador e capacidade equivalente nas súas asociacións. Enerxía almacenada e condensadores de potencia. Bobinas e indutancias: Características das bobinas. Coeficiente de autoindución; Carga e desconexión dunha bobina. Enerxía almacenada; Tipos de indutores. Pilas e acumuladores . Asociacións Xeradores estáticos; Pilas galvánicas; Acumuladores e baterías Precaucións coas pilas e os acumuladores: Asociación de xeradores	18	7
3	MÉTODOS DE ANÁLISE DE CIRCUITOS DE CORRIENTE CONTINUA	Necesidade do análise dos circuitos. Leis de kirchoff: 1ª Lei, das correntes ; 2ª Lei, das tensións; Aplicacións das leis- nus e mallas; Ecuacións das mallas ou de Maxwell. Circuitos equivalentes: Teorema de Thevenin; Teorema de superposición; Teorema de transferencia da máxima potencia. Resolución de problemas	18	7
4	MAGNETISMO E ELECTROMAGNETISMO	Conceptos xerais de electromagnetismo: Magnetismo e imáns; Magnitudes fundamentais do magnetismo: O campo magnético e o electromagnético; Fluxo magnético e unidades. Circuitos magnéticos: Lonxitude magnética; Forza magnetomotriz; Intensidade de campo magnético; Relación entre a indución magnética e a intensidade de campo magnético Saturación magnética; Cálculo de circuitos magnéticos. Teorema de Ampère. Relutancia magnética. Forza electromotriz inducida: Forza electromotriz inducida nunha espira; Forza electromotriz inducida nun condutor en movemento Forza de Laplace : Forza electrodinámica. Perdas magnéticas: Histérese magnética: Correntes parásitas de Foucault	27	11
5	CORRENTE ALTERNA MONOFÁSICA	A corrente alterna e as súas características: Produción de una corrente alterna A función senoidal: Representación temporal; Frecuencia, período, lonxitude de onda. Representación fasorial: Fasor representativo dunha sinal alterna; Cálculo vectorial, e operacións básicas con fasores. Análise de circuitos de corrente alterna: Resistencia, reactancia e impedancia en c.a; Asociación de impedancias. circuitos RL, RC, RCL en serie e paralelo. A Lei de Ohm en c.a; Resonancia: Resonancia dun circuito serie ou resonancia en tensión; Resonancia dun circuito paralelo ou resonancia en corrente Potencia en c.a.: Tipos de potencia en c.a; factor de potencia; mellora do factor de potencia; Triángulo de potencias e tensións nun circuito RLC; Medidas de sinais alternas: Valores característicos de tensión e intensidade; Valor eficaz, valor máximo; Medicións de tensións, intensidades cun voltímetro, osciloscopio, pinza amperimétrica. Medidas de potencia nos circuitos eléctricos monofásicos. Cálculo circuitos de c.a. monofásicos RL, RC, RLC; Resonancia Leis de Kirchoff en c.a Cálculos do valor eficaz dunha tensión ou intensidade a partir dos valores máximos e viceversa	29	12
6	SISTEMAS ELÉCTRICOS TRIFÁSICOS	Sistemas polifásicos. El sistema trifásico: Características dun sistema trifásico de tensións; Definicións das tensións dun sistema trifásico; Relación entre as tensión de un sistema trifásico; Conexións dun sistema trifásico: Conexións de cargas trifásicas; Conexións de cargas monofásicas a un sistema trifásico; Conexión en estrela; Conexión en triángulo; Transformación de impedancias de estrela a triángulo e viceversa; Identificación dunha rede trifásica e forma de distribución. Potencia nos sistemas trifásicos: Corrección e mellora do factor de potencia. Medición da potencia e da enerxía trifásica: Medición da potencia activa polo método Aron ou dos dous vatímetros	19	7
7	MÁQUINAS ELÉCTRICAS ESTÁTICAS	Introdución ás máquinas eléctricas estáticas. O transformador: Definición e características; Principios de funcionamento do transformador. Funcionamento do transformador: Funcionamento ideal en baleiro; en carga; Funcionamento do transformador real. Clasificación dos transformadores: Ensaio de transformadores: Ensaio en baleiro; Ensaio en cortocircuíto. Rendemento dun transformador. Caída de tensión Transformadores trifásicos: Conexións; Identificación dos bornes de conexión nas regretas dos transformadores trifásicos; índice horario ou de conexión. Transformadores de medida e protección: Trafos de tensión; Trafos de intensidade Autotransformadores	38	15
8	MÁQUINAS ELÉCTRICAS ROTATIVAS	Introdución ás máquinas eléctricas rotativa de corrente continua. Principio de funcionamento dos xeradores e os motores elementais: O xerador elemental; O motor elemental; Máquinas de corrente continua: Constitución das máquinas de C.C.; Conversión electromecánica; Principio de reversibilidade; Magnitudes básicas dunha máquina de C.C.; Formas de excitación das máquinas de C.C.; Balance de potencia e rendemento; Curvas características das máquinas de CC., e aplicacións. Máquinas rotativas de corrente alterna: Clasificación; Máquinas de c.a. asíncronas: Importancia del motor asíncrono o de indución; Características xerais. Constitución; Principio de funcionamento do motor asíncrono; Balance de potencia e rendemento; Característica mecánica.; O motor trifásico de indución (asíncrono) e a variación de velocidade; Sistema de arranque; O motor asíncrono monofásico; Principio de funcionamento. Máquinas de c.a. síncronas: A máquina síncrona como xerador: O alternador	37	15
9	SEGURIDADE E PROTECCIÓN NAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS	Perigosidade da electricidade: Choque eléctrico; Efectos da corrente eléctrica sobre o home e os animais domésticos. Esquema de distribución ou rexímenes de neutro (ECT). Medidas de protección contra contactos directos. Protección e interruptor diferencial Protección contra sobreintensidades Protección contra sobretensións Equipos de protección individual e sinalización. Disposicións sobre a protección fronte ao risco eléctrico.	51	20



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS
PROFESIONAIS



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A CORRENTE ELÉCTRICA E AS SÚAS MAGNITUDES	16

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza cálculos e medidas en circuitos eléctricos de corrente continua aplicando principios e conceptos básicos de electricidade.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Resolvéronse problemas sobre a Lei de Ohm e a variación da resistencia coa temperatura.
CA1.6 Realizáronse cálculos de potencia, enerxía e rendemento eléctricos.
CA1.7 Recoñecéronse os efectos químicos e térmicos da electricidade.
CA1.8 Simplificáronse agrupacións serie-paralelo de resistencias.
CA1.9 Realizáronse cálculos en circuitos eléctricos de CC que abranguen conexións serie e paralelo, ou varias mallas.
CA1.10 Utilizáronse correctamente as unidades de cada magnitude.
CA1.11 Identificáronse as características e as formas de conexión de aparellos de medida de tensión e intensidade.
CA1.12 Realizáronse medidas de tensión e intensidade tendo en conta as normas de seguridade dos equipamentos e das persoas.
CA1.13 Recoñecéronse as propiedades e a función dos condensadores.
CA1.14 Simplificáronse agrupacións serie-paralelo de condensadores.

4.1.e) Contidos

Contidos
Lei de Ohm xeneralizada para circuitos de CC.
Asociación de resistencias.
Circuitos con varias mallas.
Leis de Kirchhoff.
Características e funcionamento dun condensador.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	COMPONENTES ELÉCTRICOS BÁSICOS E A SÚA ASOCIACIÓN	18

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza cálculos e medidas en circuitos eléctricos de corrente continua aplicando principios e conceptos básicos de electricidade.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as características de condutores, illantes e semicondutores, e diferénciase o seu comportamento.
CA1.2 Identifícase a simboloxía normalizada nos esquemas dos circuitos eléctricos.
CA1.3 Interpretáronse e realizáronse esquemas de circuitos eléctricos, utilizando simboloxía normalizada.
CA1.4 Identifícanse as principais magnitudes eléctricas e utilizáronse correctamente as súas unidades.
CA1.11 Identifícanse as características e as formas de conexión de aparellos de medida de tensión e intensidade.
CA1.12 Realizáronse medidas de tensión e intensidade tendo en conta as normas de seguridade dos equipamentos e das persoas.

4.2.e) Contidos

Contidos
Xeración e consumo de electricidade.
0Xeradores: f.e.m.
Sentido real e convencional da corrente.
Corrente continua (CC) e corrente alterna (CA).
Sistema internacional de unidades.
Unidades de intensidade e tensión eléctricas.
Simboloxía.
Instrumentos para medir a corrente e a tensión.
Resistencia eléctrica.
Lei de Ohm.
Resistencia dun condutor.
Efectos da electricidade.
0Resistencia interna dun xerador.
Unidade de resistencia e resistividade.
Illantes, condutores e semicondutores.

Contidos

Lei de Ohm xeneralizada para circuitos de CC.

Asociación de resistencias.

Asociación de xeradores.

Circuitos con asociacións serie-paralelo.

Medidas de tensión e intensidade en circuitos de CC.

Materiais illantes.

Cargas eléctricas.

Orixidez dieléctrica.

Capacidade.

Carga e descarga dun condensador.

Asociación de condensadores.

Medidas de capacidade.

Circuíto eléctrico.

Simboloxía.

Movemento de cargas.

Intensidade da corrente.

Mantemento da corrente: d.d.p.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	MÉTODOS DE ANÁLISE DE CIRCUITOS DE CORRIENTE CONTINUA	18

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza cálculos e medidas en circuitos eléctricos de corrente continua aplicando principios e conceptos básicos de electricidade.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Resolvéronse problemas sobre a Lei de Ohm e a variación da resistencia coa temperatura.
CA1.6 Realizáronse cálculos de potencia, enerxía e rendemento eléctricos.
CA1.7 Recoñecéronse os efectos químicos e térmicos da electricidade.
CA1.8 Simplificáronse agrupacións serie-paralelo de resistencias.
CA1.9 Realizáronse cálculos en circuitos eléctricos de CC que abranguen conexións serie e paralelo, ou varias mallas.
CA1.10 Utilizáronse correctamente as unidades de cada magnitude.

4.3.e) Contidos

Contidos
Potencia eléctrica.
Enerxía eléctrica.
Rendemento.
Efecto químico da electricidade.
Electrólise.
Efecto térmico da electricidade.
Lei de Joule.
Aplicacións e inconvenientes.
Lámpadas de incandescencia e outros tipos de lámpadas.
Medida de resistencia.
Carga e descarga dun condensador.
Asociación de condensadores.
Medidas de capacidade.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	MAGNETISMO E ELECTROMAGNETISMO	27

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os principios do electromagnetismo, describe as interaccións entre campos magnéticos e condutores eléctricos, e relaciona a Lei de Faraday co principio de funcionamento das máquinas eléctricas.	SI
RA3 - Realiza cálculos das magnitudes eléctricas básicas e medidas nun sistema trifásico e recoñece o tipo de sistema, así como a natureza e o tipo de conexión dos receptores.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recoñécéronse as características dos imáns e dos campos magnéticos que orixinan.
CA1.2 Recoñécéronse os campos magnéticos creados por condutores percorridos por correntes eléctricas.
CA1.3 Realizáronse cálculos básicos de circuitos magnéticos, utilizando as magnitudes axeitadas e as súas unidades.
CA1.4 Recoñeceuse a acción dun campo magnético sobre correntes eléctricas.
CA1.5 Descríbóronse as experiencias de Faraday.
CA1.6 Relacionouse a Lei de indución de Faraday coa produción e a utilización da enerxía eléctrica.
CA1.7 Recoñeceuse o fenómeno da autoindución.
CA1.8 Recoñeceuse o fenómeno de interferencia electromagnética.
CA3.13 Realizáronse medidas de harmónicos interpretando o resultado das medidas.

4.4.e) Contidos

Contidos
Magnetismo.
Interaccións entre campos magnéticos e correntes eléctricas.
Forzas sobre correntes situadas no interior de campos magnéticos.
Forzas electromotrices inducidas.
Experiencias de Faraday: lei de Faraday.
Sentido da forza electromotriz inducida. Lei de Lenz.
Correntes de Foucault.
Autoindución: coeficiente de autoindución.
Forzas electromotrices autoinducidas.
Campo magnético producido por un imán.

Contidos

Campo magnético creado por unha corrente eléctrica.

Materiais magnéticos.

Curvas de magnetización.

Permeabilidade magnética.

Histérese magnética.

Circuitos magnéticos.

Magnitudes magnéticas.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	CORRENTE ALTERNA MONOFÁSICA	29

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza cálculos e medidas en circuitos eléctricos de CA monofásica, aplicando as técnicas máis axeitadas.	SI
RA3 - Realiza cálculos das magnitudes eléctricas básicas e medidas nun sistema trifásico e reconece o tipo de sistema, así como a natureza e o tipo de conexión dos receptores.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as características dun sinal sinusoidal.
CA2.2 Identifícase a simboloxía normalizada.
CA2.3 Recoñécense os valores característicos da CA.
CA2.4 Descríbense as relacións entre tensión, intensidade e potencia en circuitos básicos de CA con resistencia, con autoindución pura e con condensador.
CA2.5 Realízanse cálculos de tensión, intensidade e potencia en circuitos de CA con acoplamento serie de resistencias, bobinas e condensadores.
CA2.6 Debúxáronse os triángulos de impedancias, tensións e potencias en circuitos de CA con acoplamento serie de resistencias, bobinas e condensadores.
CA2.7 Calculouse o factor de potencia de circuitos de CA.
CA2.8 Seleccioneuse o equipamento de medida axeitado.
CA2.9 Realízanse medidas de tensión, intensidade, potencia e factor de potencia, tendo en conta as normas de seguridade dos equipamentos e das persoas.
CA2.10 Relacionouse o factor de potencia co consumo de enerxía eléctrica.
CA2.11 Identifícase o xeito de corrixir o factor de potencia dunha instalación.
CA2.12 Realízanse cálculos de caída de tensión en liñas monofásicas de CA.
CA2.13 Descríbiuse o concepto de resonancia e as súas aplicacións.
CA3.13 Realízanse medidas de harmónicos interpretando o resultado das medidas.

4.5.e) Contidos

Contidos
Xeración de correntes alternas.
Resolución de circuitos de CA monofásica.
Cálculos en instalacións monofásicas.
Medidas de tensión, intensidade e potencia en circuitos monofásicos.

Contidos

Medidas de frecuencia.

Medidas do factor de potencia.

Valores característicos.

Comportamento dos receptores elementais en CA monofásica: resistencia, bobina pura e condensador.

Simboloxía.

Circuitos RLC serie en CA monofásica.

Potencia en CA monofásica.

Factor de potencia.

Acoplamento en paralelo de receptores de CA monofásica.

Resonancia.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	SISTEMAS ELÉCTRICOS TRIFÁSICOS	19

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza cálculos das magnitudes eléctricas básicas e medidas nun sistema trifásico e reconece o tipo de sistema, así como a natureza e o tipo de conexión dos receptores.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Recoñecéronse as vantaxes dos sistemas trifásicos na xeración e no transporte da enerxía eléctrica.
CA3.2 Identificouse a simboloxía normalizada.
CA3.3 Descríbense os sistemas de xeración e distribución a tres e a catro fíos.
CA3.4 Identifícanse as dúas formas de conexión dos receptores trifásicos.
CA3.5 Recoñeceuse a diferenza entre receptores equilibrados e desequilibrados.
CA3.6 Realizáronse cálculos de intensidades, tensións e potencias en receptores trifásicos equilibrados, conectados tanto en estrela como en triángulo.
CA3.7 Selecionouse o equipamento de medida axeitado.
CA3.8 Realizáronse medidas de tensión, intensidade, potencia e enerxía, segundo o tipo de sistema trifásico e o tipo de carga.
CA3.9 Cúmprense as normas de seguridade dos equipamentos e das persoas na realización de medidas.
CA3.10 Realizáronse cálculos de mellora do factor de potencia en instalacións trifásicas.
CA3.11 Identificouse o xeito de corrixir o factor de potencia nunha instalación.
CA3.12 Describiuse o concepto de harmónicos e os seus efectos.

4.6.e) Contidos

Contidos
Xeración de correntes alternas trifásicas.
Harmónicos: causas e efectos.
Medidas de harmónicos.
Filtraxe de harmónicos.
Simboloxía.
Conexión de xeradores trifásicos.
Conexión de receptores trifásicos.

Contidos

Potencia en sistemas trifásicos.

Corrección do factor de potencia.

Medidas de tensións e intensidades en sistemas trifásicos.

Medidas de potencia activa en sistemas trifásicos.

Medidas de enerxía en sistemas trifásicos.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	MAQUINAS ELÉCTRICAS ESTÁTICAS	38

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece as características dos transformadores mediante a realización de ensaios e cálculos, e describe a súa constitución e o seu funcionamento.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os circuitos eléctrico e magnético do transformador monofásico.
CA1.2 Identifícase a simboloxía normalizada.
CA1.3 Identifícanse as magnitudes nominais na placa de características.
CA1.4 Realízase o ensaio en baleiro para determinar a relación de transformación e as perdas no ferro.
CA1.5 Realízase o ensaio en cortocircuíto para determinar a impedancia de cortocircuíto e as perdas no cobre.
CA1.6 Selecciónanse os equipamentos de medida axeitados.
CA1.7 Conectáronse adecuadamente os aparellos de medida nos ensaios.
CA1.8 Cúmprense as medidas de seguridade adecuadas durante os ensaios.
CA1.9 Calculouse o rendemento do transformador ensaiado.
CA1.10 Dedúciñense as consecuencias dun accidente de cortocircuíto.
CA1.11 Identifícase o grupo de conexión co esquema de conexións dun transformador trifásico.
CA1.12 Descríbense as condicións de acoplamento dos transformadores.
